

# AS ARTES ESCÉNICAS PROFESIONAIS E OS PÚBLICOS: DO CONCEPTO DE ESPECTADOR AO DE COMUNIDADE ARREDOR DA ESCENA

**XORNADAS PROFESIONAIS DE  
ESCENA GALEGA 2024**

MARTES 22 DE OUTUBRO  
DE 09.30 A 18.30 H.

---

SALÓN DE ACTOS  
PAZO DA CULTURA DE CARBALLO (Rúa do Pan s/n)

---

ORGANIZA



Escena Galega

ACTIVIDADE SUBVENCIONADA



Deputación  
DA CORUÑA

COLABORA



# AS ARTES ESCÉNICAS PROFESIONAIS E OS PÚBLICOS: DO CONCEPTO DE ESPECTADOR AO DE COMUNIDADE ARREDOR DA ESCENA

Escena Galega adica as súas xornadas profesionais anuais en 2024 a abordar a cuestión dos públicos nas artes escénicas profesionais dende unha perspectiva ampla e aglutinadora.

As temáticas aquí debulladas pretenden reflexionar sobre o marco xeral dos públicos da cultura pero centrando a cuestión na especificidade dos públicos das artes escénicas. Queremos levar a cabo unhas xornadas o máis transversais posibles arredor deste tema, dentro do concepto xeral da transformación do concepto de “público espectador” ao de creación dunha verdadeira comunidade arredor das artes escénicas, que non só entenda senón que defenda como parte indispensable do ecosistema cultural a existencia de programacións escénicas estables para todas as persoas, máis alá do seu contexto persoal, situación socioeconómica ou do lugar onde residan.

Falaremos dos públicos pero tamén dos non públicos e de como achegarnos a eles e elas, con recursos e estratexias dende a mediación ata a comunicación cultural, centrándonos neste caso nas súas eivas para o sector, reflexionando sobre como achegar, nesta sociedade multipantalla e multicanal, a información sobre a escena galega profesional dun xeito efectivo e directo. Tamén da necesaria, e apenas desenvolvida en Galicia dun xeito global, relación entre a escena e a escola, con accións para escolares diversas que vaian máis alá da exhibición de espectáculos e sirvan para crear públicos de futuro.

Alén de todo isto, queremos poñer o foco tamén na escena amadora como xeradora de públicos e dinámicas socioculturais que poden ser de interese tamén no eido profesional, e nas comunidades sociais de contextos non urbanos, cunha mesa de proxectos de artes escénicas desenvolvidos en e para o medio rural.

As xornadas xerarán unha crónica e documento marco de conclusións, que Escena Galega encargou á *Erregueté* (Revista Galega de Teatro), como o medio de comunicación de referencia para o sector no país.

**As xornadas profesionais de Escena Galega son, dende hai 15 anos, un foro estable de debate, reflexión e traballo sectorial para as artes escénicas profesionais en Galicia.**

## EIXOS TEMÁTICOS DAS XORNADAS

- .- Relacións entre a escena galega profesional e o mundo educativo.
- .- Os públicos e os non públicos: como achegarse a eles e elas.
- .- Relacións ente a escena amadora e a profesional: facer teatro (e danza e circo e maxia) e ver teatro (e danza e circo e maxia).
- .- Os programas de mediación como parte indispensable das programacións escénicas: máis alá do público espectador.
- .- Oferta escénica máis alá das cidades e vilas: a poboación do medio rural.
- .- Retos inmediatos na comunicación cultural centrada no sector das artes escénicas.

## OBXECTIVOS DAS XORNADAS

- .- Reflexionar sobre a relación entre a escena galega profesional e os seus públicos, nun momento de excelente saúde da mesma a nivel de creatividade e calidade da produción.
- .- Traballar sobre modelos de relación entre escena profesional e a escola, incluíndo programacións escolares e outras accións que creen públicos de futuro.
- .- Buscar modelos de mediación, máis alá da exhibición de espectáculos, para que a escena galega profesional chegue a todas as persoas.
- .- Buscar solucións concretas e directas en materia de comunicación cultural para achegarse aos públicos.

# AS ARTES ESCÉNICAS PROFESIONAIS E OS PÚBLICOS: DO CONCEPTO DE ESPECTADOR AO DE COMUNIDADE ARREDOR DA ESCENA

## PROGRAMA DAS XORNADAS.

09.30 h. – 09.45 h.	Inauguración das xornadas.
09.45 h. – 11.00 h.	<b>MESA 1: A MEDIACIÓN.</b> Expandir as relacións entre público espectador e escena profesional.
11.00 h. – 12.15 h.	<b>MESA 2: ESCENA AMADORA E PROFESIONAL.</b> Xeración de públicos dende a práctica artística.
12.15 h. – 12.45 h.	Pausa-café.
12.45 h. – 14.00 h.	<b>MESA 3: ESCENA E MEDIO RURAL.</b> O traballo da escena profesional dende e para a poboación rural.
14.00 h. – 15.15 h.	<b>MESA 4: COMUNICACIÓN CULTURAL E PÚBLICOS.</b> Retos de futuro específicos para as artes escénicas profesionais.
15.15 h. – 16.30 h.	Xantar compartido.
16.30 h. – 17.45 h.	<b>MESA 5: ESCENA E ESCOLA.</b> O ámbito educativo e os públicos do presente e do futuro.
17.45 h. – 18.30 h.	Presentación das conclusións da xornada e debate.

AS ARTES ESCÉNICAS PROFESIONAIS  
E OS PÚBLICOS: DO CONCEPTO DE  
ESPECTADOR AO DE COMUNIDADE  
ARREDOR DA ESCENA

09.30 h. – 09.45 h.

**INAUGURACIÓN DAS XORNADAS.**

**Patricia de Lorenzo** (presidenta de Escena Galega).  
**Representante do FIOT Carballo.**  
**Representante da Deputación da Coruña.**

# AS ARTES ESCÉNICAS PROFESIONAIS E OS PÚBLICOS: DO CONCEPTO DE ESPECTADOR AO DE COMUNIDADE ARREDOR DA ESCENA

09.45 h. – 11.00 h.

## MESA 1: A MEDIACIÓN.

### Expandir as relacións entre público espectador e escena profesional.

Nesta primeira mesa queremos debater sobre o concepto de mediación nas artes escénicas dende unha perspectiva ampla, con tres visións e proxectos que achegan esta expansión da relación cos públicos de xeitos moi diversos, dende o traballo coa infancia e mocidade ata a apertura dos procesos artísticos e de creación escénica, pasando polo inclusión e accesibilidade das persoas con discapacidade ás artes escénicas profesionais, por medio de dinámicas que vaian máis alá de ser espectador ou espectadora.

Interveñen:

**Paloma Leal.** Baychimo Teatro. Proxecto *Cultivando miradas* (Zamora).

**Caterina Varela.** Colectivo RPM. Proxecto *Residencias Paraíso* (Galicia).

**Victoria Teijeiro.** Actriz, terapeuta ocupacional e doutora en teatro para a inclusión social (Galicia).

Modera:

**Eva Alonso** (Xunta Directiva de Escena Galega).

11.00 h. – 12.15 h.

**MESA 2: ESCENA AMADORA E PROFESIONAL.**

**Xeración de públicos dende a práctica artística.**

No segundo dos eixos temáticos queremos reflexionar, dentro do marco galego, sobre as relacións entre o ámbito amador e o profesional nas artes escénicas. Como facer teatro, practicar danza, maxia ou novo circo no ámbito do ocio e templo libre pode crear novas comunidades de públicos interesados na escena profesional.

Interveñen:

**Representante da FEGATEA.** Federación Galega de Teatro Afeccionado (Galicia).

**Dane García Níñez.** Membro da A.C. Papaventos de Vedra, impulsora dos proxectos *Andaravía Teatro* e *Teatrofilia* (Galicia).

**Anxo Manoel Lamelo.** Actor, director e dinamizador cultural no ámbito da escena amadora na provincia de Lugo (Galicia).

Moderada:

**Diego V. Meizoso** (xerente de Escena Galega).



12.45 h. – 14.00 h.

**MESA 3: ESCENA E MEDIO RURAL.**

**O traballo da escena profesional dende e para a poboación rural.**

Falando do dereito de todas as persoas, non importa do lugar onde residan, de achegarse ás artes escénicas profesionais, na terceira mesa das xornadas queremos compartir con 3 proxectos que se asentán física e conceptualmente no medio rural, traballando co seu contexto máis próximo e cos públicos da súa comunidade, tanto en Galicia como en Euskadi.

Interveñen:

**Nuria Sotelo.** Proxecto *A Casa Vella* (Amiadoso-Galicia).

**Representante da A.C. Volta e Dalle.** Proxecto *Teatro das Cortes* (O Vicedo-Galicia).

**Idoia Ayestaran.** Proxectos *Festikale* e *Bideart Zigoitia* (Zigoitia-Euskadi).

Modera:

**Patricia de Lorenzo** (Xunta Directiva de Escena Galega)

14.00 h. – 15.15 h.

#### **MESA 4: COMUNICACIÓN CULTURAL E PÚBLICOS.**

##### **Retos de futuro específicos para as artes escénicas profesionais.**

A comunicación cultural é unha ferramenta esencial para chegar aos públicos, pero traballamos nun sector e un contexto con pouquísimas profesionais especializadas e unhas estratexias de comunicación moitas veces pouco efectivas. Así, queremos reflexionar sobre como chegar de xeito máis efectivo e directo aos nosos públicos pero tamén aos non públicos, como as persoas adolescentes e novas.

Interveñen:

**Luisa Castiñeira.** Xornalista cultural na axencia The Office Comunicación (Galicia-Madrid).

**Lucía Martínez.** Xornalista cultural na axencia The Office Comunicación (Galicia-Madrid).

**Arancha Estévez.** Escritora e xornalista cultural freelance (Galicia).

Modera:

**Belem Brandido** (Xunta Directiva de Escena Galega)

16.30 h. – 17.45 h.

### **MESA 5: ESCENA E ESCOLA.**

#### **O ámbito educativo e os públicos do presente e do futuro.**

Remataremos a rolda de mesas de exposición e debate falando de escena profesional e ámbito educativo, e de novo sendo o máis aglutinadores posible, dende a educación primaria ata o ámbito universitario e proxectos que traballan tanto para a infancia como para o público mozo e adolescente usando as escénicas como ferramenta pedagóxica, que ao tempo cree públicos para o futuro.

Interveñen:

**Estefanía Pena.** Docente de Educación Primaria, directora escénica no ámbito amador e doutora en presenza da dramatización e do teatro en materiais didácticos de ensino primario (Galicia).

**Patricia Cercas.** Actriz e presidenta da Asociación Te Veo-Artes Escénicas para la Infancia y Juventud (Ámbito estatal).

**Fernando Dacosta.** Actor e director da Aula de Teatro da Universidade de Vigo-Campus de Ourense (Galicia).

Modera:

**Tone Martínez** (Xunta Directiva de Escena Galega)

# AS ARTES ESCÉNICAS PROFESIONAIS E OS PÚBLICOS: DO CONCEPTO DE ESPECTADOR AO DE COMUNIDADE ARREDOR DA ESCENA

17.45 h. – 18.30 h.

## **PRESENTACIÓN DAS CONCLUSIÓNS DA XORNADA E DEBATE.**

Escena Galega encargou á *Erregueté* (Revista Galega de Teatro) a confección dunha crónica e documento de conclusións desta xornada. A primeira recollida xeral destas conclusións presentarase nesta última parte da xornada, que rematará cun debate colectivo sobre as distintas cuestións tratadas durante o día.

A FERROZ  
A PANADARÍA  
A XANELA DO MAXÍN  
AMORODIO TEATRO  
ARTESTUDIO XESTIÓN CULTURAL  
ÁRTIKA CÍA  
BUTACAZERO  
CARAMUXO TEATRO  
CHARLATANA  
CHÉVERE  
CINEMA STICADO  
COLECTIVO GLOVO  
COMPAÑÍA HUMANA  
CONSTANCE HURLÉ  
CULTURACTIVA  
DE STE XEITO PRODUCCIÓN  
EDUCATEATRO PRODUCCIÓN  
ELEFANTE ELEGANTE  
FRAN SIEIRA COMPAÑÍA DE DANZA  
FURIA SOTELO

GALEATRO  
IBUPROFENO TEATRO  
ILLUSIONS WORKS  
ÍTACA TEATRO  
KIRENIA DANZA  
LA GUAJIRA  
LA MACANA  
LA QUINTANA TEATRO  
LABORATORIO ESCÉNICO COOP  
MAGIA EN LA MANGA  
MALASOMBRA PRODUCCIÓN  
MARTA ALONSO TEJADA  
MATRIOSKA TEATRO  
NOVA GALEGA DE DANZA  
OLIVAS NEGRAS  
OS NÁUFRAGOS TEATRO  
PABLO MÉNDEZ PERFORMANCES  
PAULA QUINTAS CÍA  
PEDRAS DE CARTÓN  
PÉREZ & FERNÁNDEZ

PISANDO OVOS  
PISTACATRO  
PROD. TEATRAIS EXCÉNTRICAS  
REBORDELOS  
REDRUM TEATRO  
SARABELA TEATRO  
SEMPRE ARRIBA  
SIL PRODUCCIONES  
TALÍA TEATRO  
TANXARINA  
TEATRO BAIXO A AREA  
TEATRO DE NINGURES  
TEATRO DEL ANDAMIO  
TEATRO DO NOROESTE  
TEATRO Ó CUBO  
TÍTERES CACHIRULO  
VACABURRA  
VIRAVOLTA TÍTERES  
VÓRTICE ESCÉNICO  
XAMPATITO PATO



Escena Galega

## ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS DE ARTES ESCÉNICAS

---

Cidade da Cultura de Galicia (Centro de Emprendemento,  
Viveiro 18). Monte Gaiás s/n 15707 Santiago de Compostela  
(A Coruña) [www.escenagalega.gal](http://www.escenagalega.gal)

---

### INSCRIPCIÓN PREVIA:

A asistencia ás xornadas é de balde. A inscrición debe realizarse [nesta ligazón](#) ata o luns 21 de outubro ás 14.00 h.

PATROCINADOR OFICIAL DA ACTIVIDADE DE ESCENA GALEGA

